

## **HISTORIA DA FILOSOFÍA**

### **Opción A**

*Lea atentamente o seguinte e texto e a partir del compoña un texto de carácter filosófico que dea resposta ás cuestións que se formulan.*

*Teña en conta que:*

- a) non se trata de contestar meramente esas cuestións senón de integrar a resposta no **texto**, que ha de ser **composto de maneira unitaria**. As cuestións han ser tomadas como unha sorte de guiión interno do texto.*
- b) na avaliación da proba teranse en conta non só a maior ou menor corrección no que atinxe ao contido do exposto, senón tamén á forma da exposición, o vocabulario e a corrección sintáctica, ortográfica e retórica.*

### **TEXTO**

Xa que existen dúas clases de virtude, a dianoética e a ética, a dianoética xorde e medra principalmente pola aprendizaxe e por iso precisa de experiencia e de tempo. En cambio a ética xorde do costume, por iso o seu nome varía un pouco do de costume. Deste feito resulta evidente que ningunha das virtudes éticas se dá en nós por natureza, pois nada do que existe por natureza cambia por costume. Así, por exemplo, a pedra, que por natureza vai para abaixo, non se afaría a ir para arriba por máis que se intentase meterlle o costume tirándoa moitas veces cara a arriba, nin o lume se afaría a ir cara a abaixo, nin ningunha outra cousa que é de certa natureza podería afacerse a ter outra distinta. Así é que as virtudes non se producen por natureza nin contra a natureza, senón porque temos de noso aptitude para recibilas e perfeccionalas mediante o costume. Ademais, de todo o que está na nosa natureza, primeiro acadamos as capacidades e logo desenvolvemos as actividades (isto é evidente no tocante ós sentidos; non adquirimos os sentidos por ver moitas veces ou oír moitas veces, senón o contrario: usámoslos porque os temos, non os temos porque os usamos). En cambio, as virtudes adquirímolos porque antes as exercitamos, como ocorre coas demais artes. Pois o que hai que facer despois de aprendelo, aprendémolo facéndoo. Por exemplo, facémonos construtores construíndo e citaristas tocando a cítara. Así, tamén, practicando a xustiza facémonos xustos, moderados practicando a moderación e fortes practicando a fortaleza. Proba disto é o que sucede nas cidades. Os lexisladores fan bos ós cidadáns ensinándolles certos costumes, e esa é a vontade de todo lexislador; os que non o fan ben equivócanse e niso distínguese un bo réxime dun mal réxime.

**ARISTÓTELES, *Ética a Nicómaco*, libro II, 1103a14**

### **CUESTIÓNS PRINCIPAIS ÁS QUE DEBE DAR RESPONSA A COMPOSICIÓN**

**I) Marco histórico e conceptual :** O tránsito cara á época helenística. (avaliación:de 0 a 3 puntos)

**II ) Comprensión:** A ética aristotélica: *ethos* e praxe, o concepto de *areté*. (avaliación:de 0 a 4 puntos)

**III) Coñecemento específico:** Diferenza fundamental entre a ética material de Aristóteles e a formal de Kant (avaliación:de 0 a 3 puntos)

## **HISTORIA DA FILOSOFÍA**

### **Opción B**

*Lea atentamente o seguinte e texto e a partir del compoña un texto de carácter filosófico que dea resposta ás cuestións que se formulan.*

*Teña en conta que:*

- c) non se trata de contestar meramente esas cuestións senón de integrar a resposta no **texto**, que ha de ser **composto de maneira unitaria**. As cuestións han de ser tomadas como unha sorte de guión interno do texto.*
- d) na avaliación da proba teranse en conta non só a maior ou menor corrección no que atinxe ao contido do exposto, senón tamén á forma da exposición, o vocabulario e a corrección sintáctica, ortográfica e retórica.*

#### **TEXTO**

A autonomía da vontade é o único principio de todas as leis morais e de todos os deberes conformes a elas: toda heteronomía do libre arbitrio, pola contra, non só non funda ningunha obrigatoriedade senón que é máis ben contraria ó principio desta e da moralidade da vontade. É que o principio único da moralidade consiste na independencia da lei verbo de toda materia (a saber, dun obxecto desexado) e, ó tempo, na determinación do libre arbitrio pola mera forma lexisladora universal de que unha máxima ten que ser capaz. Aquela independencia é a liberdade en sentido negativo, mais esta lexislación propia da razón pura e, en canto tal, práctica, é a liberdade en sentido positivo. Por conseguinte, a lei moral non expresa nada máis que a autonomía da razón pura práctica, é dicir, a liberdade, e esta é mesmo a condición formal de todas as máximas, as cales unicamente baixo de tal condición poden coincidir coa lei práctica suprema.

**I. KANT; *Crítica da razón práctica* (1788);** Parte 1ª: Doutrina elemental da razón práctica. L.I: Analítica da razón práctica pura; Cap-I: Dos principios da razón práctica pura. §8 Teorema IV. (Trad. de Rafael Martínez, USC)

#### **CUESTIÓN PRINCIPAL ÁS QUE DEBE DAR RESPONSA A COMPOSICIÓN**

**I) Marco histórico e conceptual:** Características da razón ilustrada. (avaliación:de 0 a 3 puntos)

**II ) Comprensión:** O formalismo moral en Kant. (avaliación:de 0 a 4 puntos)

**III) Coñecemento específico:** Liberdade e determinismo. ¿En que medida o ser humano é libre e en que medida está determinado? (avaliación:de 0 a 3 puntos)